

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15019301	CPI de San Vicente	A Baña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no CPI San Vicente A Baña.

O grupo seleccionado de 2º ESO, está composto por 5 alumnos e alumnas, de nivel académico moi heteroxéneo.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O noso blog. O meu punto de vista sobre un tema motivador	Cada rapaz escolle o tema do seu interese para desenvolvelo de forma individual . Elaboración dun texto ou varios,	25	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O noso blog. O meu punto de vista sobre un tema motivador	acompañado(s) de imaxe(s). Introducción aos textos xornalísticos.	25	11	X		
2	Xa somos xornalistas bloggers	Elaboración de textos máis "profesionáis" seguindo modelos periodísticos. (noticia, reportaxe, entrevista, artigo de opinión...). Traballo en parellas ou grupos.	35	13		X	
3	Damos visibilidade ao noso blog	Textos máis elaborados con imaxes máis elaboradas seguindo as suxerencias do Plan Proxecta. Compartimos o noso blog con outros colexios e outros bloggers.	40	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O noso blog. O meu punto de vista sobre un tema motivador	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do tema.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a construción do texto		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Xa somos xornalistas bloggers	13

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Damos visibilidade ao noso blog	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación do traballo feito aos compañeiros.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso proporáanse diferentes temáticas (con diferentes puntos), acordados aos intereses dos alumnos, e eles escollerán os aspectos que lle interesen máis para desenvolver en forma de noticia, entrevista, crónica, entrevista, etc

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto asumindo tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto. Ó tratarse de dúas alumnas, será en parellas ou individual e a profesora acompañará en todo momento os alumnos no seu traballo e responderá as súas necesidades.

Na PRIMEIRA Avaliación proporáanse os Temas:

1.- O Noso Cole. 10 novidades deste curso. Hai algunha incorporación no centro?. Os datos do noso centro. Cambios nalgún espazo. Novidades do calendario escolar. Saídas neste curso. Os novos alumnos. Os novos profes.. A historia do noso centro. Os novos compañeiros de clase.. A conserxería. Hai algún profesor que se xubila neste curso. A cociña do centro...

2.- Extra! Temos un blog!. O noso blog. Redactamos unha noticia. Organizamos un acto para presentar o blog. Presentación do blog polas aulas. Diseñamos carteis para facer difusión. Damos contido ao blog con aportacións, ideas doutros alumnos do centro.

3.- Talentos ocultos do alumnado. Talento deportivo. Talento gráfico. Talento culinario. Talento lector. Talento social. Talento naturalista. Talento audiovisual. Talento musical...

4.- O noso punto de vista. Teñen os xóvenes suficientes espazos de opinión?. Recibimos suficiente educación sexual?. Libros ou ordenadores, que é máis práctico a hora de estudar?. Recomendamos un destino de vacacións. Adicións os videoxogos. Outras adicións. Opinamos sobre as relacións entre xóvenes. Opinamos sobre as relacións cos adultos. Moda e hábitos de consumo.. Como afectou a pandemia na saúde mental das persoas? E nos xóvenes?. Por que é importante ter un blog escolar?

5.- Chega o Nadal. Falamos da actividade navideña a que asistimos. Axenda cultural do noso municipio. Actividades do Nadal no noso cole. Quen protagoniza a actividade?. Como se vive o Nadal no noso pobo? O Nadal xenera un consumismo desmedido. Todo o mundo pode celebrar o Nadal da mesma maneira?. Contamos como foi a actividade navideña e o noso Nadal en xeral. Facemos unha sopa de letras navideña.

O alumnado deseñará unha planificación na procura e selección das fontes de información.

Outros posibles temas para a SEGUNDA E TERCEIRA Avaliación:

6.- A Memoria da xente maior. A comunicación na época dos nosos abós. O ocio . As relacións afectivas. As relacións familiares. O consumo. A mobilidade. O ritmo da vida. A política. Os medios de comunicación. A cultura.

7.- Revisamos correccións. Revisións dos feedbacks do editor. Modificación dos erros. Revisión dos artigos publicados. Rematamos tarefas pendentes. Opinamos sobre o traballo feito.

8.- Entrevistamos ó noso alcalde. Ideas. Historial académico. Experiencia profesional. Creación dun poster. Facemos unha entrevista

9.- A igualdade de xénero no noso entorno. Documentación (fotos, artigos, vídeos). Reflexión e redacción.

10.- Facemos un consello de directores. Reforzar vínculos con outros coles e os seus blogs. Reunión virtual con outros alumnos doutro centro. Intercambio de impresións, metodoloxía. Presentación e Canva para videochamada. Folio xiratorio. Como funciona?

11.- Facemos un Podcast. A linguaxe radiofónica. Elaboración dun podcast. Analizamos un podcast. Editamos un audio. Identidade do podcast.. Escollemos temática. Documentámonos e facemos un guión. Grabamos o episodio de podcast. Editamos e publicamos.

12.- Facemos difusión do noso blog. Revisamos as visitas. Publicitamos.

13.- Fotografamos o noso colexio. As nosas aulas. A vida nos nosos corredores. Os nosos patios. Que hai na sala do profesorado? Descubrimos a cociña. A entrada e a saída do cole. Como son os despachos do centro? O ximnasio e o material deportivo. Onde se garda o material de limpeza. O botiquín. A biblioteca.

14.- Poñemos cor o noso pobo .-Unha cor para nosas fotos. Fotografamos fachadas, coches, natureza, persoas, mobiliario urbano, comercios, monumentos. Fotografamos o centro educativo, aulas, corredores, patios, comedor, biblioteca, baños, material escolar, persoas, espazos polivalentes.

15.- O ritmo da música urbana. Cales son as novidades na música urbana?. Cales son os artistas máis escoitados na clase?. Top 10 do ano. O último gran temazo. O disco de oro. Asistimos a un concerto

Nos temas priorizaranse os intereses e motivacións dos alumnos, as. Poderán añadirse ou eliminar algún que outro tema. Seguro que xurdirán temas de actualidade que motivarán ós nenos,as.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Bioloxía e Xeoloxía (funcións vitais, problemas ambientais...)
- Xeografía e Historia (países, lugares)
- Matemáticas (estadísticas, porcentaxes..)
- Física e Química (diferentes investigacións dependendo do tema..)
- Economía (usos da auga, xestión de recursos)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador.
Artigos e produtos reutilizables (bolsas, recipientes, botes...).
Pegamentos, colas.
Sprays, pinturas.
Distintos téxtiles, fío de lá...

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

E tamén os rapaces traballarán con seu ordenador portátil. de forma individual ou en parellas ou grupo

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	35	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### **Criterios de cualificación:**

Entre os PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación dos artigos elaborados tanto na plataforma do Blog (CPI San Vicente Report) como nas tarefas dos diferentes módulos da aula virtual. Á aula virtual subirase tamén un arquivo resumo das accións feitas de cara ao desenvolvemento do proxecto que non sexan artigos periodísticos propiamente, (ou no caderno persoal)
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Presentación dos artigos elaborados tanto na plataforma do Blog (CPI San Vicente Report) como nas tarefas dos diferentes módulos da aula virtual. Á aula virtual subirase tamén un arquivo resumo das accións feitas de cara ao desenvolvemento do proxecto que non sexan artigos periodísticos propiamente.(ou no caderno persoal)
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación dos artigos elaborados tanto no Blog (CPI San Vicente Report) como nas tarefas dos diferentes módulos da aula virtual. Á aula virtual subirase tamén un arquivo resumo das accións feitas de cara ao desenvolvemento do proxecto que non sexan artigos periodísticos propiamente.(ou no caderno persoal)

Como INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN TRIMESTRAL, empregaranse:

a.- Cantidade de textos, artigos presentados: Unha noticia ou varias noticias . Tomarase como referencia o número máximo de noticias feitas polos global de alumnos. Pois non é o mesmo facer un artigo que varios e valorarase o esforzo feito por presentar dous ou tres textos, extensión, elaboración propia ou non, (corta e pega do internet) etc.

Nota total: 4 puntos

b.- Calidade dos textos:

- Expresión escrita, redacción, texto ben estruturado (1,5) ,
- Orixinalidade e creatividade (0,5),
- Redacción persoal, elaboración propia (0,5)
- Ortografía (0,5)
- Enlaces (0,5)
- Imaxe (0,5) (máis ou menos creativa).

Nota total: 4 puntos.

c.- Traballo na aula.- Distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de

- Desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, autonomía (0,5),
- presentación en prazo (0,5),
- interese e esforzo (0,5),
- colaboración co profesor e cos compañeiros, resolución de problemas, traballa ben en equipo (0,5).

Nota total: 2 puntos.

A nota da AVALIACIÓN FINAL en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

O valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10, e para considerar superada a U.D., o trimestre e o curso o alumnado debe acadar unha puntuación de 5 ou superior

Para considerarse aprobada a avaliación final e ordinaria, a media aritmética ponderada das 3 avaliacións debe ser igual ou superior a 5.

### **Criterios de recuperación:**

#### **RECUPERACIÓN DO TRIMESTRE**

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas no trimestre e non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto (nota total inferior a 5), terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto (5 puntos) e tamén terá que elaborar unha noticia, reportaxe ou entrevista a partir dun título (se lle propondrán tres opcións, tres temas) (5 puntos).

#### **AVALIACIÓN DE RECUPERACIÓN FINAL:**

No caso de que a media aritmética ponderada dos tres trimestres sexa inferior a 5, polo tanto suspenso, daráselle ao alumnado que se atope nesta posición a posibilidade de recuperar, mediante proba escrita, os contidos da UD suspensa (elaboración dun texto, noticia, artigo de opinión, entrevista a partir de 3 temas propostos), garantindo deste xeito as actividades de recuperación necesarias para o alumnado que se atope nesta situación. A nota de dita proba será máximo de 5 SF .



### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non é o caso

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X		X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X		X
ET.4 - Competencia Dixital	X		X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X	

**Observacións:**

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación na semana cultural.	Difusión informativa do proxecto.			X

### Observacións:

Non está de momento previsto unha actividade complementaria.. Salvo a posibilidade de coñecer outros alumnos de outros centros que estén a facer proxecto competencial e posta en comñun entre eles.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Participación activa de todo o alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.

### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das etodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

## **9. Outros apartados**